

CONVOCATORIA DE PROBAS DE INGRESO DE ASPIRANTES COMO “TÉCNICO/A DEPORTIVO” (RD 318/2000) DE NIVEL 1, 2 E 3 DA ESCOLA GALEGA DE ALTA MONTAÑA, DA FEDERACIÓN GALEGA DE MONTAÑISMO NO ANO 2018


OBXECTO DA CONVOCATORIA:

A presente convocatoria faise para dotar á Escola Galega de Alta Montaña de suficientes técnicos/as deportivos nas especialidades de montañismo, escalada deportiva, escalada en rocha, alpinismo, esquí de montaña e barranquismo que impartan as distintas acción formativas que a Federación Galega de Montañismo necesita desenvolver.

PERFIL DOS/AS ASPIRANTES:

Necesitamos na EGAM persoas voluntariosas, cordiais, entusiastas, responsables, flexibles, creativas, comunicadoras, abertas, traballadoras, seguras, preparadas, organizadas, orientadoras, avaliativas, motivadoras e humildes.

Non queremos só “aos mellores deportistas do mundo” porque iso a nós nos valería para case nada, queremos ás mellores persoas do mundo da montaña que queiran aportar algo ao futuro do deporte, dos deportistas e dos Clubs de Montañismo galegos.



Técnicos Deportivos (TD)

Seguindo as titulacións deportivas estipuladas no RD 318/2000 todas as persoas que estiveran en posesión do título oficial de Técnico Deportivo de nivel 2 ou 3 en calquera especialidade, ou o Certificado de Iniciación ao Montañismo (CIM ou TD1), poderán solicitar, na instancia oficial, directamente o ingreso na EGAM.

PRAZO DE PRESENTACIÓN

O prazo oficial remata o 5 de xaneiro de 2018 ás 23.59 horas.

DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR

Só a traveso do formulario <https://goo.gl/forms/KxbpWTr1uaRWDaqe2> o aspirante terá que presentar escaneado ou fotografiado:

1. Fotocopia por ambas caras da licenza federativa de montañismo en vigor tramitada por algún club galego federado.
2. Fotocopia por ambas caras da licenza federativa de montañismo do ano anterior ao desta solicitude, tramitada por algún club galego federado.
3. Fotocopia por ambas caras do DNI ou pasaporte en vigor.
4. Fotocopia do título oficial de técnico de maior nivel xa fora Certificado de Excursionismo, ou TD2, ou TD3 seguindo o establecido no Real Decreto 318/2000.

Unha vez presentada a documentación administrativa na FGM, a dirección da Escola Galega de Alta Montaña porase en contacto co/a aspirante para unha entrevista, onde se fará unha explicación elemental da dinámica de funcionamento e entrega dunha copia do Regulamento da Escola Galega de Alta Montaña. A continuación, á máxima brevidade (e sempre antes de un ano dende a entrevista persoal), o/a aspirante acudirá obrigatoriamente como “auxiliar” aos cursos que no futuro terá que impartir na EGAM (onde se lle poderá facer un exame sobre o Regulamento da Escola Galega de Alta Montaña). Só unha vez superada todas as fases o/a aspirante será considerado/a técnico da EGAM de pleno dereito.

FASES PARA SER TD DA EGAM

1. Solicitalo formalmente e presentar toda a documentación no prazo estipulado (5 de xaneiro de 2018).
2. Participar, na fase de aspirante, nun curso como mínimo da túa especialidade durante os primeiros 12 meses (durante o ano 2018).
3. Unha vez superado a fase de aspirante, e na primeira Xuntanza anual de técnicos será ratificado na súa nova condición de técnico de pleno dereito (finais de 2018).